

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZA DE AUTO-TURISMOS E  
DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUER**

**ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúen o feito imponible desta Taxa os seguintes actos:

- a) Concesión e expedición de licencias.
- b) Autorización para transmisión de licencias, cando proceda o seu outorgamento, consonte á lexislación vixente.
- c) Autorización para substitución dos vehículos afectos ás licencias, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.
- d) Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia de parte.
- e) Dilixenciamento dos libros-rexistro das empresas de servicios de transporte das clases C e D.

**ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS**

Están obrigados ao pago da taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas mailas entidades, ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

1. A persoa ou entidade a favor da cal se outorgue a concesión e expedición da licencia, ou a favor da que se autorice a transmisión da devandita licencia.
2. O titular da licencia da que o seu vehículo sexa substituído ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria, e da que os seus libros-rexistro sexan dilixenciados.

**ARTIGO 3. RESPONSABLES.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades mailos síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

**ARTIGO 4. COTAS TRIBUTARIAS.**

A cota desta Taxa será esixida en función do seguinte cadro de Tarifas:

<u>CONCEPTO</u>	<u>COTA</u>
— Por concesión de licencia	3.693,47
— Por transmisión licencias "inter-vivos"	2.954,78
— Por transmisión de licencias por xubilación ou "mortis causa", a herdeiros forzosos	2.216,08

**ARTIGO 5. EXENCIONS E BONIFICACIONES.**

Non se concederá exención ou bonificación algunha no pago da Taxa.

**ARTIGO 6. DEVENGO**

1. Cando se trate da concesión de licencias nace a obriga de contribuír na data na que este Concello conceda e expida a correspondente licencia ou autorice a súa transmisión, ou no seu caso, autorice a substitución do vehículo. Non obstante, poderase considerar que nace a obriga de contribuír no momento de presenta-la correspondente solicitude.
2. Cando se trate da prestación dos servicios de revisión de vehículos e de dilixenciamento de libros-rexistro, a Taxa cobrarase no momento no que se principie aquela prestación, entendendo, a estes efectos, que tal iniciación prodúcese coa solicitude dos mesmos.

**ARTIGO 7. DECLARACION E INGRESO.**

1. A realización das actividades maila prestación dos servicios suxeitos a esta Taxa levaranse a cabo a instancia de parte.



2. Tódalas cotas serán obxecto de liquidación para ingreso directo, no momento da presentación da correspondente solicitude.

#### ***ARTIGO 8. INFRACCIONS E SANCIONS***

En todo o relativo a Infraccións tributarias e ás súas calificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

#### ***DISPOSICIÓN FINAIS.***

1. No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2. A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.